

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL**

ORDE do 3 de agosto de 2020 pola que se modifican as unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes desta consellería nos niveis de educación infantil, educación primaria e educación especial.

Para adaptar a organización dos centros docentes ás necesidades efectivas da poboación escolar e ás exixencias duns cadros de persoal que incidan na atención á diversidade coa introdución de profesorado especialista e a mellora da súa oferta educativa, deben revisarse as unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes desta consellería nos niveis de educación infantil, educación primaria e educación especial.

De conformidade co Decreto 138/2018, do 8 de novembro, que establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, e determina a competencia desta en materia de creación, supresión, transformación, clasificación, autorización e organización dos centros escolares, por proposta da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Modificación de unidades e postos de traballo docentes de centros educativos*

Modificar as unidades e os postos de traballo docentes dos seguintes centros educativos:

– Escolas infantís (EEI), colexios de educación primaria (CEP), colexios de educación infantil e primaria (CEIP) e centros públicos integrados (CPI) que se relacionan no anexo I desta orde.

– Centros de educación especial (CEE) que se detallan no anexo II.

Artigo 2. *Supresión de centros*

Suprimir os centros docentes que se relacionan no anexo III desta orde.



Artigo 3. *Situación do persoal docente*

1. Aos centros que, como consecuencia das modificacións que se sinalan no artigo primeiro, incrementen o número de postos de traballo aplicaráselles o establecido na Orde do 30 de marzo de 1992 pola que se regula a mobilidade das funcionarias e dos funcionarios pertencentes ao corpo de mestras/es nos propios centros por incremento de postos de traballo.

Estes novos postos poderaos solicitar o profesorado con destino definitivo no centro que conte coa oportuna habilitación e accedese a este por concursos anteriores ao convocado no curso 1990/91, sempre que non acadase novo posto de traballo nel como consecuencia doutros procesos de adscrición ou de mobilidade no propio centro. Non obstante, poderaos solicitar o profesorado que, estando en posesión da correspondente habilitación, estea adscrito a postos de traballo que se vexan afectados por diminución nun número máximo igual á redución de postos.

2. Así mesmo, aplicarase o Decreto 140/2006, do 31 de agosto, polo que se determinan os criterios de perda do destino definitivo polas funcionarias e funcionarios docentes que prestan servizos nos centros educativos que imparten ensinanzas distintas das universitarias e o cómputo da antigüidade no centro en función das causas de acceso a el.

3. Os procesos de mobilidade regulados na Orde do 30 de marzo de 1992 que se produzan como consecuencia desta orde, desenvolveranse durante o mes de setembro de 2019 e terán efectos do día primeiro do mesmo mes.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de agosto de 2020

Carmen Pomar Tojo
Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional





ANEXO I

Provincia	Concello	Localidade	Código	Centro	Unidades				Postos												
					EI	EP	EE	Total	ei	ep	fi	ff	em	ef	pt	al	do	oc	alc	ptc	Total
A Coruña	Ames	Biduído (Santa María)	15032649	EEI do Milladoiro	12	0	0	12	15	0	1	0	0	0	1	1	0	0	0	0	18
	Camariñas	Camariñas (San Xurxo)	15002050	CEIP O Areal	3	6	0	9	4	5	1	1	1	1	1	0	0	0	1	0	15
	A Coruña	A Coruña	A Coruña	15004964	CEIP Plurilingüe Concepción Arenal	6	12	0	18	8	11	2	1	1	2	2	3	1	0	0	31
		A Coruña	A Coruña	15020568	CEIP Plurilingüe Labaca	3	6	0	9	4	5	1	1	1	1	1	0	0	1	0	15
		A Coruña	A Coruña	15023375	CEIP José Cornide Saavedra	2	4	0	6	2	4	1	0	1	1	1	0	0	0	0	10
		A Coruña	A Coruña	15027241	CEIP Juan Fernández Latorre	6	12	0	18	8	11	2	1	1	2	2	3	1	0	0	31
		A Coruña	A Coruña	15033228	CEIP Novo Mesoiro	6	12	0	18	8	11	2	1	1	2	1	1	1	0	0	28
	Lousame	Lousame (San Xoán)	15008039	CPI Plurilingüe Cernadas de Castro	3	8	0	11	4	7	2	1	1	1	1	0	0	0	0	17	
	Negreira	Negreira	15010575	CEIP O Coto	7	16	0	23	9	15	3	1	2	2	1	1	1	0	0	35	
	Noia	Noia	15010848	CEIP Felipe de Castro	6	12	1	19	8	11	2	1	1	2	1	1	1	0	0	28	
	Santiago de Compostela	Villestro (Santa María)	15022590	CEIP de Roxos	3	8	0	11	4	7	2	1	1	1	1	1	1	0	0	19	
Teo	Luci (Santa Mariña)	15017107	CEIP da Ramallosa	4	14	0	18	5	13	2	1	1	2	1	1	1	0	0	27		
Lugo	Barreiros	Reinante (Santiago)	27000541	CEIP San Miguel de Reinante Barreiros	3	4	0	7	4	4	1	0	1	1	1	0	1	0	13		
	Burela	Burela	27015751	CEIP Plurilingüe Vista Alegre	6	12	0	18	8	11	2	1	1	2	1	1	1	0	0	28	
	Carballedo	San Mamede de Lousada (San Mamede)	27001440	CEIP Xosé Luís Taboada	1	2	0	3	1	0	1	0	1	1	0	0	0	1	0	5	





Provincia	Concello	Localidade	Código	Centro	Unidades				Postos													
					EI	EP	EE	Total	ei	ep	fi	ff	em	ef	pt	al	do	oc	alc	ptc	Total	
	Guntín	Guntín de Pallares (San Salvador)	27014008	CPI Plurilingüe Tino Grandío	3	4	0	7	4	4	1	0	1	1	1	0	0	0	0	0	12	
	Lugo	Lugo	27006164	CEIP Albeiros	5	12	0	17	6	11	2	1	1	2	1	1	1	0	0	0	1	27
	Portomarín	Portomarín (San Nicolao)	27010520	CEIP Plurilingüe Virxe da Luz	1	2	0	3	1	0	1	0	1	1	0	0	0	0	0	0	4	
	Sarria	Sarria	27014082	EEl de Sarria	5	0	0	5	6	0	1	0	0	0	0	1	0	0	0	0	8	
	Sober	Arroxo (San Martiño)	27012474	CEIP Plurilingüe Virxe do Carme	1	3	0	4	1	2	1	0	1	1	0	0	0	0	0	0	6	
	O Valadouro	Ferreira (Santa María)	27012826	CEIP Plurilingüe Santa María do Valadouro	3	6	0	9	4	5	1	1	1	1	1	0	0	1	1	0	16	
Ourense	Ourense	Ourense	32015190	CEIP Plurilingüe Albino Núñez	4	8	0	12	5	7	2	1	1	1	2	0	1	0	0	0	20	
	Padrenda	Crespos (San Xoán)	32015177	CPI de Padrenda-Crespos	1	3	0	4	1	2	1	0	1	1	0	0	0	0	0	0	6	
Pontevedra	Cambados	Cambados (Santa Mariña)	36019773	EEl da Pastora	5	0	0	5	6	0	1	0	0	0	0	1	0	0	0	0	8	
	Campo Lameiro	O Campo (San Miguel)	36000685	CEIP Pedro Antonio Cerviño	2	3	0	5	2	2	1	0	1	1	0	0	0	0	0	0	7	
	Cangas	Aldán (San Cibrán)	36015950	CEIP Plurilingüe da Espiñeira-Aldán	2	6	0	8	2	5	1	1	1	1	1	0	0	0	0	0	12	
	Gondomar	Mañufe (San Vicente)	36003662	CEIP Plurilingüe Chano Piñeiro	4	12	0	16	5	11	2	1	1	2	1	1	1	0	0	0	25	
	Moaña	Meira (Santa Eulalia)	36004733	CEIP Plurilingüe de Reibón	5	15	0	20	6	14	3	1	1	2	1	1	1	0	0	0	30	
	Mos	Tameiga (San Martiño)	36013564	CEIP Plurilingüe Pena de Francia	3	10	0	13	4	9	2	1	1	2	1	1	0	1	0	0	22	
	Pontecesures	Pontecesures (San Xulián)	36007621	CPI de Pontecesures	3	7	0	10	4	6	1	1	1	1	1	0	0	0	0	0	15	





Provincia	Concello	Localidade	Código	Centro	Unidades				Postos												
					EI	EP	EE	Total	ei	ep	fi	ff	em	ef	pt	al	do	oc	alc	ptc	Total
	Pontevedra	Pontevedra	36006122	CEIP A Xunqueira Nº 1	4	12	0	16	5	11	2	1	1	2	1	1	1	0	0	0	25
	O Porriño	Torneiros (San Salvador)	36017685	CEIP Plurilingüe da Ribeira	3	6	0	9	4	5	1	1	1	1	1	0	0	1	0	1	16
	Tomíño	Sobrada (San Salvador)	36015238	CEIP de Sobrada	3	9	0	12	4	8	2	1	1	1	1	0	0	0	1	1	20
	Sanxenxo	Adina (Santa María)	36008805	CEIP de Portonovo	6	12	0	18	8	11	2	1	1	2	1	1	1	0	0	0	28
	Vigo	Beade (Santo Estevo)	36009974	CEIP de Coutada-Beade	3	7	0	10	4	6	1	1	1	1	1	0	0	1	0	0	16
		Navia (San Paio)	36010460	CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao	6	6	0	12	6	5	1	1	1	1	1	0	0	0	0	0	16
		Vigo	36010125	CEIP de Fonte Escura	2	3	2	7	2	2	1	0	1	1	3	0	0	0	0	0	7
		Vigo	36017697	CEIP Escultor Acuña	6	12	0	18	8	11	2	1	1	2	1	6	1	0	0	0	33
	Vila de Cruces	Merza (Santa María)	36015937	CEIP de Merza	0	1	0	1	0	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1
	Vilagarcía de Arousa	Vilagarcía (Santa Baia)	36015652	CEIP O Piñeiríño	5	12	0	17	6	11	2	1	1	2	1	1	1	0	0	0	26

ANEXO II

Provincia	Concello	Localidade	Código	Centro	Unidades	em	ef	pt	al	do	Total
A Coruña	A Coruña	A Coruña	15005336	CEE Nosa Señora do Rosario	11	0	0	0	11	1	12
		A Coruña	15005385	CEE María Mariño	14	1	1	12	3	1	18

ANEXO III

Provincia	Concello	Código	Centro
A Coruña	Brión	15019554	EEl da Luaña
A Coruña	A Laracha	15019621	EEl de Comiáns